



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Grao en Bioquímica

Curso Académico: 2022-2023

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Grao en Bioquímica
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	N/A
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	Ramiro Barcia Vieitez
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	ramiro.barcia@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	2020-2021
Data acreditación ex ante (verificación)	18/05/2020
Data renovación acreditación	--

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Craterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2504170_P.Ind_2022-23
			2504170_INF.16_2022-2023
			2504170_(L)_INF.CIUG_2022-2023
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2022-2023 (n/d)
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2504170_P.Ind_2022-23
			5011_INF.03_2022-2023 (n/d) 2504170_INF03_2022_2023
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2504170_P.Ind_2022-23
			2504170_INF.04_2022-2023
			5011_INF.05_2022-2023
			2504170_INF.06_2022-2023 (n/d)
			2504170_INF.07_2022-2023 (n/d)
			2504170_INF.08_2022-2023 (n/d)
			2504170_INF.09_2022-2023 (n/d)
			5011_INF.10_2022-2023
			5011_INF.11_2022-2023
			2504170_INF.13_2022_2023
			2504170_INF.14_2022_2023
			5011_INF.21_2022-2023
			2504170_INF.22_2022_2023
2504170_INF.23_2022_2023			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2504170_P.Ind_2022-23
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2504170_E15_2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5011_E16_2022-2023

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-I7_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-I7_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2504170_INF.13_2022_2023
			2504170_INF.14_2022_2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011_I10_2022-2023
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2504170_INF.15_2022-2023
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2504170_P.Ind_2022-23
			2504170_INF.17_2022-2023
			2504170_INF.18_2022-2023
			2504170_INF.19_2022-2023
			2504170_INF.SIIU_2022-2023
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2504170_P.Ind_2022-23
			2504170_(L)_INF.CIUG_2022-2023
7	I14	Resultados de inserción laboral	2504170_EIL-SIIU_2022-2023 (n/d) 2504170_EIL-ACSUG_2022-2023 (n/d)
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	2504170_P.Ind_2022-23 2504170_MedUSC_2022-2023

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido)

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Antecedentes

Durante o curso 2018-2019, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Grao en Bioquímica (GBioq). Esta memoria, despois de ser aprobada polo consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo a verificación por parte da ACSUG (7 de xaneiro de 2020) foi verificado o 18/05/2020 polo Consejo de Universidades e foi implantado no curso 2020-2021.

Incidencias no curso 2022-23

O desenvolvemento do programa formativo establecido nas guías docentes das materias do grao neste curso 2022-23 foi de maneira presencial. Polo que respecta a avaliación das materias esta levouse a cabo tamén de xeito presencial.

Matrícula

Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (**2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf**), no curso 2022-23 matricularonse de novo ingreso na cota xeral un total de 51 estudantes das 45 prazas ofertadas, polo que a taxa de ocupación é moi elevada (113%) e contabilizando finalmente un total de 52 prazas de nova matrícula (**IN03G**).

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscrición de novo ingreso con 12,15 solicitudes por cada praza dispoñible (547 fronte a 45) (**2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023**), cunha nota media de acceso por preinscrición de 11,79 (**IN06G**) o que implica que o GBioq responde con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias, complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

Perfil de ingreso

A meirande parte dos alumnos matriculados procedían do Bacharelato (50 dos 51 alumnos da cota xeral, 98%). Desde Formación Profesional accedeu 1 dos 51 alumnos da cota xeral (2%). A oferta total de prazas fixouse no curso 2022-23 en 45 alumnos, e a taxa de ocupación foi de un 115.56% (**250417_P.Ind_2022-23**), contabilizándose 547 solicitudes para 45 prazas. Por sexos, o número de mulleres matriculadas representa o 80%.

Por orixe xeográfica (**2504170_INF16_2022-2023.pdf**), os alumnos matriculados no grao proceden

maioritariamente de Galicia (71,11%), aínda que nunha porcentaxe algo máis baixa que no curso 21-22, que era do 77,53% e que no curso 20-21 que era do 86,36%, é de destacar o aumento de alumnos procedentes da provincia da Coruña que pasan de representar un 27,5% a un 36,5%; os alumnos procedentes da provincia de Pontevedra representan un 32,3%; case o mesmo que no curso 21-22 no que representaban o 33,3%, mentres que o alumnado procedente das provincias de Lugo e Ourense representan un 21,9% e un 9,4% respectivamente, unha porcentaxe algo máis baixa que nos cursos 20-21 e 21-22 (31,6% e 27,54% para a provincia de Lugo, e 10,5% e 11,6% para a provincia de Ourense); polo que segue parecendo necesario realizar un maior esforzo na difusión do GBioq entre os alumnos de bacharelato da provincia de Ourense, pero tamén na provincia de Lugo. Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. (IN09G) representa un 28,15% cando no curso 21-22 representaba o 21,35%, afastándose cada vez máis do 13,64% do curso 20-21.

Con respecto aos alumnos de novo ingreso (**2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf**) a porcentaxe de alumnos que proceden de Galicia representa o 58,82% (30 de 51) fronte aos 71,74% do curso 21-22 e 86,36% do curso 20-21, mentres que os alumnos de novo ingreso procedentes doutras comunidades autónomas pasa a representar o 39,21% (20 de 51) fronte aos 28,26% do curso 21-22 e 13,6% do curso 20-21, o que indica un incremento moi significativo.

Os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (**2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf**) mostran que no curso 22-23 o 90,2% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (74,5% e 15,7%, respectivamente), dato similar ao 91,8% do curso 21-22, datos superiores aos do curso 20-21, onde a porcentaxe de alumnos matriculados que elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción era do 87%. Cabe destacar o incremento do 65,3% ao 74,5% (dos cursos 21-22 e 22-23 respectivamente) na porcentaxe de estudantes que elixiron o grao en 1ª opción.

De acordo con a mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (51 alumnos) foi de 11,87 para alumnado procedente de bacharelato e de 11,2 para alumnado procedente de formación profesional, cun 100% cunha nota igual ou superior a 11. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6 (IN07G).

■ Criterio 2. Información e transparencia

Tal e como recolle o Plan de Calidade da Facultade de Ciencias, a política de información pública e transparencia do centro ten como obxectivo facilitar toda a información referente aos títulos que se imparten na mesma a través da páxina web da Facultade de Ciencias:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

No referente ao Grao en Bioquímica, toda a información relevante está publicamente accesible e actualízase de xeito continuo no enlace :

<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias/grao-bioquimica>

A información está estruturada en 9 niveis: (i) Información do título, (ii) Plan de estudos, (iii) Oferta e admisión, (iv) Recursos materiais, (v) Obxectivos e competencias, (vi) Mobilidade e prácticas, (vii) Saidas profesionais, (viii) Traballo fin de grao e (ix) Outra información (normativa, bolsas e axudas). Na páxina raíz figuran tamén ligazóns á Listaxe de profesores, á Memoria do título, ás Guías docentes, e aos Horarios e calendarios, entre outras.

Estudos / Graos / Ciencias

Grao en Bioquímica

Nova oferta

Tipo	Presencial
Área	Ciencias
Centro(s)	Facultade de Ciencias Avda. Alfonso X O Sebio, s/n, 27002 Lugo 982824095 (Conservaría) 982824009 (Decanato) ciencias.decanato @usc.gal
Campus	Lugo



Admisión e matrícula

Normativa

Bolsas e axudas

Esta nova titulación ten como obxectivo ofrecer ao alumnado un coñecemento de todas ás áreas relacionadas coa Bioquímica e a Bioloxía Molecular en sectores tan diversos como o alimentario, biosanitario, cosmético, farmacéutico, ambiental e químico; desenvolvendo as súas actividades profesionais no ensino, a investigación, o traballo en laboratorios de I+D+i, na industria farmacéutica...

Presentación

Plan de estudos por curso

Plan de estudos por módulos

Oferta e admisión

Recursos materiais

Obxectivos e competencias


Mobilidade e prácticas

Saídas profesionais

Traballo de Fin de Grao

Equipo docente

Indicadores de calidade

<p>Duración: 4</p> <p>Prezo/curso (aprox.): UE: 13,936/crédito (1º curso: 835,80 €) Non UE: 17,416/crédito (1º curso: 1089,20 €)</p> <p>Número prazas: 45</p> <p>Nota de corte no curso precedente: 10,936</p> <p>Responsable do título: ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ asteriam.luzardo@usc.es</p> <p>Coordinador-a do título: Ramiro Barcia Vileitez</p> <p>Linguas de uso: Castelán, Galego</p>	<p>Universidade coordinadora: Universidade de Santiago de Compostela</p> <p>Universidade(s) participante(s): Universidade de Santiago de Compostela</p> <p>Data de autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde do 16/06/2020 (DOG do 1/07/2020)</p> <p>Data de publicación no BOE: 07/05/2021</p> <p>Data de última acreditación: 18/05/2020</p> <p> Memoria do título</p>
--	--

Os contidos desta páxina actualizáronse o 03.07.2023.

Páxina web do Grao en Bioquímica

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias "alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos)".

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos

tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación da 7ª edición do manual do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **Plan Estratégico Ponte e Plan de Mellora Anual 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas estratéxicas a desenvolver nos primeiros dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado pola Comisión de Calidade. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOqPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

Revisión do plan de melloras do curso anterior

Unha vez rematado o Plan de melloras correspondente ao Plan Estratégico Ponte da Facultade 2020-22 e non habendo referente de Plan Estratégico da USC co que poder levar a cabo un planificación no marco dunhas liñas estratéxicas comúns para toda a universidade, a Comisión de Calidade propuxo para o curso 2022-23 dúas accións de mellora derivadas da posta en marcha da acción estratéxica 4.1.1 Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora (**AMF2223-3**) e da modificación do programa formativo (**AMF2223-4**) enmarcada no Obxectivo estratéxico “4.1 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado” do Plan Estratégico Ponte da Facultade de Ciencias 2020-22. Coa primeira a Facultade propónse levar a cabo o deseño e implantación dunha nova titulación de máster que complemente a formación dos graduados en Bioquímica e coa segunda, adaptar a memoria tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022.

AMF2223-3.- Deseño dunha nova titulación de máster universitario que complemente a formación dos graduados en Bioquímica.

AMF2223-4.- Modificación do Plan de estudos do Grao en Bioquímica.

As dúas accións están rematadas e foron executadas con éxito.

Por outra banda, co motivo da renovación da Certificación de Implantación do SGC durante o curso 2022-23 a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión quen, non seu informe oral, adiantou a necesidade de elaborar un novo Plan Estratégico de centro no que basear os obxectivos e metas a acadar e os correspondentes indicadores de seguimento. Derivado disto, e seguindo instrucións da Área de Calidade e mellora dos procedementos da USC, a Comisión de Calidade do Centro acordou nomear unha comisión de traballo para a elaboración dun Plan Estratégico 2024-26 que sería recollido como acción de mellora a desenvolver no curso 2023-24 (**AMF2324-1**).

AMF2324-1.- Elaboración do Plan Estratégico da Facultade.

A Comisión de Título do Grao en Bioquímica acordou, non propoñer para o curso 2023-24 outras accións de mellora relacionadas con esta directriz.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

A tipoloxía do profesorado do GBioq, os seus departamentos e áreas de adscrición, e a súa experiencia docente-investigadora resúmense nas tres táboas que seguen ([2504170_E15_2022-2023.pdf](#)):

INF.E15. Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación docente

TIPOLOXÍADO PROFESORADO DO TÍTULO

Título: Grao en Bioquímica		Centro: Facultade de Ciencias [L]			RUCT: 2504170
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe Horas
Posdoutoral Xunta	2	4.55%		49.0	2.41%
Posdoutoral_outros	1	2.27%		15.0	0.74%
Predoutoral Ministerio	1	2.27%		17.0	0.84%
Predoutoral Xunta	2	4.55%		41.0	2.02%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	8	18.18%		344.0	16.91%
Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	2.27%		73.0	3.59%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	2	4.55%		167.0	8.21%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	6.82%		162.0	7.96%
Profesor/a: Titular de Universidade	24	54.55%		1166.0	57.33%
Total general	44	100.0%		2034.0	100.0%

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA

Título: Grao en Bioquímica		Centro: Facultade de Ciencias [L]			RUCT: 2504170
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias	[025] Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas	3	16	12	
Bioloxía Funcional	[412] Fisioloxía Vexetal	1	2	0	
Bioquímica e Bioloxía Molecular	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular	7	28	11	
Botánica	[063] Botánica	1	6	1	
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	1	6	1	
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía	2	7	7	
Fisioloxía	[410] Fisioloxía	3	14	8	
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	2	10	8	
Matemática Aplicada	[595] Matemática Aplicada	1	6	1	
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	3	12	11	
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[640] Nutrición e Bromatoloxía	2	10	10	
	[750] Química Analítica	3	16	12	
Química Física	[755] Química Física	5	17	14	
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	2	10	6	
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	2	12	12	
Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física	[420] Xenética	5	10	10	
	[819] Zooloxía	1	6	1	
Total general		44	188	125	

PROFESORADO DE CADAMATERIA

Título: Grao en Bioquímica			Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2504170
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
G1061101	Física	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	3
G1061102	Química xeral e inorgánica	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	5	2
G1061103	Matemáticas	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	6	1
G1061104	Diversidade biolóxica	Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	2
G1061105	Citoloxía e histoloxía	Profesor/a: Titular de Universidade	2	10	8
G1061106	Bioestatística	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	1
G1061107	Química analítica	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	4	3
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5
G1061121	Química orgánica I	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	6
G1061122	Química-física I	Posdoutoral_outros	1	0	0
		Predoutoral Xunta	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	5	4
G1061123	Bioquímica estrutural	Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	10
		Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	0	0
G1061201	Xenética	Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	4
		Posdoutoral Xunta	1	0	0
		Predoutoral Xunta	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6

G1061202	Fisioloxía animal I	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	2	2
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	6
G1061203	Microbioloxía	Posdoutoral Xunta	1	0	0
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5
G1061221	Enzimoloxía	Profesor/a: Titular de Universidade	3	10	3
G1061222	Química-física II	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	5	4
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5
G1061223	Bioquímica metabólica	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	1
G1061225	Fisioloxía vexetal	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	2	0
G1061226	Bio-inorgánica	Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	4
G1061227	Química orgánica II	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	6
G1061321	Bioloxía molecular	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	2
G1061322	Xenética molecular e enxeñaría xenética	Posdoutoral Xunta	1	0	0
		Predoutoral Ministerio	1	0	0
		Predoutoral Xunta	1	0	0
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	4
G1061323	Nutrición	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	5
G1061324	Análise instrumental	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5
G1061325	Bioloxía molecular das plantas	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	2	0
G1061326	Bioloxía do desenvolvemento	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	4
G1061327	Inmunoloxía	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	5
G1061328	Farmacoloxía molecular	Profesor/a: Titular de Universidade	2	7	7
G1061329	Sinalización celular	Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	0	0
Total general			44	237	159

Informe elaborado a partir das seguintes fontes: Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2023 Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 19/01/2023 O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

A meirande parte do profesorado do título (**IN26G**, 32 de 38, 84,21%) ten vinculación permanente coa universidade (o 84,21 % do PDI é funcionario, e a media de PDI funcionario na USC é do 50,70% **2504170_MedUSC_2022_2023**), e mostra unha dilatada experiencia como docente (quinquenios) e como investigador (**IN24G**, 100% do PDI con sexenios; **IN25G**, 100% de PDI doutores, mentres que os valores medios na USC son 85,20 e 81,31 respectivamente, **2504170_MedUSC_2022_2023**). Por outra banda, a porcentaxe de profesorado do GBioq que participou en actividades de formación no curso 2022-2023 (**Informe 5011_I6-I7_2022-2023**) foi do 28,26%, porcentaxe similar ás outras titulacións da facultade e que reflicte unha certa recuperación con respecto ao curso 2021-22 (20%). Por todo isto, o perfil do profesorado considérase adecuado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

PAS

O centro responsable dispón actualmente do cadro de Persoal de Administración e Servizos que se relaciona na táboa que segue:

E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Ciencias. Curso 2022-2023

Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	19 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	16 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORMSERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	COORDINADOR/A SERVICIOS XERAIS	15 ano(s), 1 mes(es) e 26 día(s)
4	PTO ATENCION INFORMSERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	9 ano(s), 8 mes(es) e 10 día(s)
5	PTO ATENCION INFORMSERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	7 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORMSERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	6 ano(s), 5 mes(es) e 1 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	22 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	1 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	Escala auxiliar-administración	POSTO BASE	0 ano(s), 8 mes(es) e 28 día(s)
10	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	15 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2023

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizais a única aclaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar: *xestionar a actividade de laboratorio e apoio á docencia.*

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas. Nas enquisas de satisfacción do PAS co seu traballo, amósase un bo resultado cunha valoración media de 4,8 sobre 5 (**5011_INF.21_2022_2023**) que confirma o dito anteriormente.

Ademais este colectivo continúa participando no plan de formación durante o curso 2022-23 (**Informe 5011_I6-I7_2022-2023**) cun valor máis elevado que nos anos anteriores, 80% e amosando unha satisfacción media cos cursos atendidos de 8,27 sobre 10 (**5011_INF.11_2022_2023.pdf**).

De igual forma que no caso do PDI, tanto a dotación de PAS como a súa cualificación considéranse axeitadas para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, dispón de instalacións, recursos materias e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Na actualidade o centro dispón de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas distribuídos no edificio de laboratorios. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi. Ademais a Facultade conta con 16 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor. Ademais, o 50% das aulas (8) dispón de equipamento para docencia on-line (cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo).

Para a docencia interactiva dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen taboleiros dixitais.

